



BOLETÍN MENSUAL

OUTUBRO 2018

APE GALICIA

- ✓ APE GALICIA PON EN MARCHA DOUS NOVOS CERTIFICADOS DE PROFESIONALIDADE PARA DESEMPREGADOS.
- ✓ APE GALICIA FIRMA UN CONVENIO DE COLABORACIÓN CON GALICIA BUSSINES SCHOOL.
- ✓ APE GALICIA ASISTE Á XORNADA “O EMPREGO DO FUTURO” CELEBRADA NA CIDADE DA CULTURA EN SANTIAGO DE COMPOSTELA.
- ✓ CONVITE A INAUGURACIÓN DA APERTURA DA NOVA OFICINA DE CAIXA RURAL GALEGA NA CIDADE DE PONTEVEDRA.
- ✓ APE GALICIA ACODE A 20 EDICIÓN DE CONXEMAR NO IFEVI (VIGO).
- ✓ APE GALICIA ACODE Ó CONVITE DO 25 ANIVERSARIO DA ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DO DEZA.
- ✓ APE GALICIA ACODE XXIII EDICIÓN DOS PREMIOS JOVEN EMPRESARIO.
- ✓ APE GALICIA NO VIAXE DE ESTUDO Ó FLAG DE CORNWALL CON GALP.

INFORMACIÓN PARA AUTÓNOMOS

- ✓ APE GALICIA ANALIZA OS DATOS DOS AUTÓNOMOS NO CONCELLO E NA COMARCA DE PONTEVEDRA.

APE GALICIA PON EN MARCHA DOUS NOVOS CERTIFICADOS DE PROFESIONALIDADE PARA DESEMPREGADOS.

A principios deste mes a Asociación de autónomos éranlle concedidos dous cursos para desempregados: Mercadotecnia e compravenda internacional e Organización e Xestión de almacéns.

Para acceder a esta clase de formación é imprescindible ser una persoa desempregada e haber solicitado na oficina do INEM o curso en cuestión. Ámbolos dous son de Nivel 3, polo que ademais haberá que cumprir algún dos seguintes específicos:

- Título de Bacharel.
- Certificado de profesionalidade de nivel 3.
- Certificado de profesionalidade de nivel 2 da mesma familia e área profesional.
- Cumprir o requisito académico de acceso ós ciclos formativos de grado superior ou ben haber superado as correspondentes probas de acceso reguladas polas administracións educativas.
- Ter superada a proba de acceso á universidade para maiores de 25 anos e/ou de 45 anos.
- Ter as competencias clave necesarias, de acordo co recollido no anexo IV do real decreto 34/2008, para cursar con aproveitamento a formación correspondente ó certificado de profesionalidade.

Estes cursos son totalmente presenciais e contan con módulos de prácticas en empresas para desenvolver o aprendido nos módulos formativos. Estas serán realizadas en empresas da contorna que conten cos departamentos axeitados para a correcta realización destas.

Os asistentes a estes cursos terán a opción de solicitar becas da administración, as cales recollen varios apartados segundo necesidades: conciliación, transporte, manutención e aloxamento... De que algún alumno estea interesado en solicitalas, estas serán tramitadas dende as oficinas de APE Galicia.

A data de selección de alumnado de ámbolos dous cursos será o día 8 de novembro de 2018 nas novas instalacións de APE Galicia (Rúa Gagos de Mendoza nº2 baixo 2 – Pontevedra). A selección do curso de Mercadotecnia levarase a cabo ás 10 horas e o de Organización e xestión de almacéns ás 12 horas.

O curso de Mercadotecnia e compravenda internacional está programado para que de comezo o día 12-11-2018 e rematará o 10-07-2019. O horario será de 09:00 a 14:00 horas e desenvolverase na aula de formación de APE Galicia (Rúa Herreros nº2, Pontevedra). Son un total de 768 horas.



O curso de Organización e xestión de almacéns está programado para que de comezo o mesmo día que o anterior, o 12-11-2018 e rematará o 14-03-2019. O horario será de 15:15 a 20:15 horas e desenvolverase tamén na aula

de formación de APE Galicia (Rúa Herreros nº2, Pontevedra).. Son un total de 408 horas.

CERTIFICADO DE PROFESIONALIDADE PARA DESEMPREGADOS
ORGANIZACIÓN E XESTIÓN DE ALMACÉNS
NIVEL 3 - 408 HORAS - HORARIO: 15:15 - 20:15

SAIDAS PROFESIONAIS

- Técnico en xestión de stocks e almacén
- Empregado administrativo dos servizos de almacenamento e recepción
- Almacenamento de empresas de transportes
- Xefe de almacén
- Técnico en logística de almacén
- Xesor de almacén
- Responsable de recepción de mercadorías
- Responsable de expedición de mercadorías

- BECAS DA ADMINISTRACIÓN POLA ASISTENCIA Ó CURSO - PRÁCTICAS EN EMPRESAS

INSCRIPCIÓN: 986 89 16 57 - 697 19 55 40 ou en info@apegalicia.es

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, COMERCIO E INDUSTRIA
Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral

MINISTERIO DE EMPREGO Y SEGURIDAD SOCIAL
INSTITUTO NACIONAL DE EMPLEO

galicia ape

Se alguén desexa máis información ou inscribirse so ten que poñerse en contacto con nós no ☎ 986 891 657 ou en 📧 info@apegalicia.es.

Estes cursos están cofinanciados pola Consellería de Economía, emprego e Industria e polo Ministerio de Emprego e Seguridade Social.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, COMERCIO E INDUSTRIA
Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral

MINISTERIO DE EMPREGO Y SEGURIDAD SOCIAL
INSTITUTO NACIONAL DE EMPLEO

galicia

Para máis información:

<http://www.apegalicia.es/noticias/233-ape-galicia-imparte-2-novos-certificados-de-profesionalidade-para-desempeños-para-desempeños-#.W9LSkPntbIU>

APE GALICIA FIRMA UN CONVENIO DE COLABORACIÓN CON GALICIA BUSSINES SCHOOL.

En APE Galicia sempre estamos a buscar a maneira de ofrecer o mellor ós nosos asociados, por iso nos complace anunciarvos que a principios de mes APE Galicia firma un convenio de colaboración con Galicia Business School.

O acordo foi asinado polo presidente de APE GALICIA, D. José Ramón Caldas Martínez e por D. Eduardo García Erquiaga, Director Xeral de Galicia Business School.



APE GALICIA aumenta así a súa oferta de servizos para que os asociados poidan acceder a unha ampla variedade de descontos en formación superior e en acompañamento en proxectos de emprendemento e iniciativa empresarial.

A continuación enumeramos algúns dos beneficios cos que podeades empezar a contar dende xa:

- Descontos de entre o 10 e o 15% sobre os prezos dos programas destinados a profesionais que ofrece Galicia Business School.
- Puntualmente celebraranse sorteos de becas - desconto de ata o 50% en programas de master de: MBA, EXECUTIVE MBA, MÁRKETING Y MÁRKETING DIGITAL Y SUPPLY CHAIN MANAGEMENT Y LOGÍSTICA entre os socios de APE Galicia.
- Para este ano, 4 becas (una por provincia) destinadas a fomentar o emprendemento e iniciativa empresarial para proxectos de creación e consolidación de proxectos empresariais e que ascende ó 70% do coste dun dos programas a seleccionar.

**SI EMPRENDES,
CREEMOS EN TI**

SOLO EL 30% DE LOS NUEVOS NEGOCIOS TRIUNFAN.
OLVÍDATE DEL 70% RESTANTE.
VA DE NUESTRA CUENTA.

Si estás creando tu empresa y te formas en nuestros programas de postgrado, te otorgamos una **beca del 70%** del coste del programa, gracias al convenio de la Asociación de Empresarios Ferrolterra y Galicia Business School, en los siguientes programas*:

MBA

Máster en Marketing y en Marketing Digital
Máster en Supply Chain Management y Logística

Inscríbete haciendo clic [aquí](#)

*Haz clic para ampliar información o escribe a info@galiciabusinessschool.es



Se queredes máis información acerca de estas becas podéda obter premendo nos seguintes enlaces:

- **MBA:**
<https://www.galiciabusinessschool.es/course/mba-master-profesional-administracion-empresas/>
- **Máster en Supply Chain Management y Logística:**
<https://www.galiciabusinessschool.es/course/master-supply-chain-management-logistica/>
- **Máster en Marketing y Marketing Digital:**
<https://www.galiciabusinessschool.es/course/master-marketing-y-marketing-digital/>
- **Inscripciones:**
<https://docs.google.com/forms/d/e/1FAIpQLSfs-6KZp--3P7FG8X4hX7QtxrdRKJTV0077FpisXlouV9mVQ/viewform>

**APE GALICIA ASISTE Á
XORNADA “O EMPREGO DO
FUTURO” CELEBRADA NA CIDADE
DA CULTURA EN SANTIAGO DE
COMPOSTELA .**

A transformación dixital e a revolución tecnolóxica están transformando a economía e con ela tamén o mercado laboral, por iso APE Galicia acudía o día 2 de Outubro na Cidade da Cultura en Santiago de Compostela á xornada alcumada “O emprego do futuro”.

A Xunta de Galicia pon en marcha este programa para a identificación das necesidades dos sectores económicos e a capacitación e a adaptación do talento. Pretendíase pois que se analizasen os novos perfís profesionais que demanda a Industria 4.0, detectando competencias e capacidades co obxectivo de elaborar un catálogo de accións formativas para o emprego do futuro.

A xornada foi inaugurada por Francisco Conde, Conselleiro Economía, Emprego e Industria e a mesa redonda que se celebrou arredor das 12 da mañá era moderada por José Alfonso Marnotes, Director Xeral de Orientación e Promoción Laboral. Xunta de Galicia. Fixo a Clausura Covadonga Toca Carús, Secretaria Xeral de Emprego.

Innovación e tendencias de futuro do mercado laboral, as demandas profesionais para a próxima década, a visión das Pymes foron os temas máis representativos.



CONVITE A INAUGURACIÓN DA APERTURA DA NOVA OFICINA DE CAIXA RURAL GALEGA NA CIDADE DE PONTEVEDRA.

O presidente de APE Galicia, Don José Ramón Caldas foi convidado o pasado 23 de outubro de 2018 á inauguración da nova sucursal de Caixa Rural Galega en Pontevedra, a cal estará situada na avenida de Santa María nº 5.

Con esta nova oficina, Caixa Rural Galega reforza a área das Rías Baixas, pois xa se conta con presenza en Vigo, Vilagarcía de Arousa, Cambados e Lalín. A sucursal disporá dun caixeiro automático e inicia a súa actividade con tres empregados. Esta pretende enfocar a súa actividade ó colectivo de particulares e profesionais, así como ás pemes e empresas.

As 19:00 horas tiña lugar una xornada de portas abertas e o acto de inauguración daba comezo ás 20:00 horas. Foi nesta última onde Manuel Varela, presidente da entidade financeira, destacou a traxectoria de Caixa Rural Galicia, una entidade "enraizada nas súas orixes, sen máis miras que loitar pola terra que a viu nacer". Así mesmo tamén asegurou que "a aposta polas cousas ben feitas, a tenacidade, a constancia e o amor por Galicia" son algúns dos principios que "nos acompañaron sempre". A chegada desta nova oficina a cidade de Pontevedra, segundo o presidente da entidade financeira, ven "coa vocación de permanencia e con moita ilusión".

O vicepresidente da Xunta de Galicia, Alfonso Rueda, destacou que a chegada de Caixa Rural Galega a Pontevedra prodúcese "salvando esa pequena débeda que había coa cidade". Así mesmo, puxo en valor que "máis da metade dos seus empregados son mulleres e seguen abrindo sucursais, estando nalgúns sitios como única entidade bancaria e funcionando a pleno rendemento".



Por último, o alcalde de Pontevedra, Miguel Anxo Fernández Lores, amosou a súa satisfacción co desembarco da entidade e destacou a figura de Caixa Rural Galega como un "rara avis dentro do ambiente bancario, pois non tivo preferentes, non houbo que intervíla con diñeiro público...". Ademais, considera que a entidade financeira é "un exemplo para moita xente" e que, en unha cidade como Pontevedra, "sairán adiante proxectos interesantes en relación co benestar, o sector primario, servizos e incluso novas tecnoloxías".

APE GALICIA ACODE A 20 EDICIÓN DE CONXEMAR NO IFEVI (VIGO).

A principios do mes de outubro celebrábase a feira de Conxemar 2018 no IFEVI, na cidade de Vigo. Con 740 expositores, a XX Feira Internacional de Produtos do Mar Conxelados Conxemar preséntase como unha edición récord. Despois das ampliacións de espazo de máis de 5000m² para dar cabida a firmas que outros anos se habían quedado fora, e das continuas xornadas de montaxe dos stands, a feira aumentaba nun 20% a súa oferta expositiva.

APE Galicia acudiu a convención para acompañar a empresas do sector que colaboran activamente con nós: Lago e Rosa de los Vientos. Este último ano tivemos o pracer de firmar un convenio de prácticas con esta última para que os nosos alumnos de AFD e POEX puidesen o módulo de prácticas nas súas instalacións en relación ó comercio internacional.

A feira contou coa presenza dos principais países produtores e consumidores de produtos pesqueiros do mundo como Estados Unidos, Portugal, Noruega ou arxentina, entre outros. Este ano, Estonia e o Observatorio Europeo do Mercado dos Produtos de Pesca e de acuicultura estréase por primeira vez nesta feira. Ademais, Marrocos volve asistir e China amplía a súa presenza.

O obxectivo para este ano era superar a cifra de asistentes do ano pasado, que se situou nas 31.370 persoas. Este rebasouse con creces, xa que foron 35.448 persoas as que, dende o martes 2 ata o xoves 4, visitaron o recinto feiral de Vigo para coñecer as novidades do sector e o resultado de tres anos de expansión.



APE GALICIA ACODE Ó CONVITE DO 25 ANIVERSARIO DA ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DO DEZA.

O presidente da Asociación de Empresarios de Deza (AED), Don Antonio Lamas Carral convidaba a APE Galicia a Cea-Gala do 25º aniversario da Asociación de empresarios do Deza. Esta tivo lugar o venres 26 de outubro ás 21.30 horas no Pazo de Bendoiro (Lalín).



O dirixente de AED agradeceu a labor dos seus predecesores - Ángel Fernández Presas, José Ramón González, José Luis Vila e Alejandro Campos- e indicou que la sala era una clara mostra do tecido empresarial da comarca e puxo o acento na necesidade, tras os años más duros da crise, de que la patronal recuperase os 150 asociados perdidos pola recesión para volver ó medio millar. Lamas reivindicou que unha comarca do interior debe ter as mesmas oportunidades que os territorios más habitados, solicitando a colaboración permanente das administracións públicas, porque os emprendedores, dixo, precisan "apoios" e non "obstáculos". Por último, ante Feijóo, demandou solo empresarial a prezos competitivos para recuperar o poderío de antano.

O acto acadou as 230 persoas. A rolda de intervencións reservouse ó portavoz da Deputación provincial, Carlos López Font; ó alcalde anfitrión, Rafael Cuíña, e o presidente autonómico, Alberto Nuñez Feijoo. Na mesa presidencial tamén se sentou o conselleiro de Cultura, Román Rodríguez, o senador popular José Crespo e o presidente da Confederación de Empresarios da provincia de Pontevedra (CEP), Jorge Cebreiros. Tamén acudiu ó acto social a responsable territorial de Abanca, Carmen Fernández.

APE GALICIA ACODE XXIII EDICIÓN DOS PREMIOS JOVEN EMPRESARIO

O pasado 30 de outubro, o Sexto Edificio do Museo de Pontevedra era, por segundo ano consecutivo, o lugar escollido pola Asociación de Jóvenes Empresarios (AJE) de Pontevedra para celebrar a XXIII edición dos Premios Xove Empresario con una gala multitudinaria.

APE Galicia era invitada pola súa estreita e íntima colaboración con AJE e acudían o acto o presidente da asociación, José Ramón Caldas Martínez e a secretaria técnica, Sonia Acuña Pazos.

O presidente de AJE Pontevedra, Pablo Fernández López, foi o encargado de inaugurar o acto con unha intervención na que agradeceu o traballo a todas as persoas que fixeron posible a cerimonia e alabou a valentía ós emprendedores.

Jorge Cebreiros, presidente de la Confederación de Empresarios, quixo agradecer ás persoas mozas que seguran apostando e reivindicando o feito de ser empresarios en tempos tan incertos e de tanta competencia. Foi el que dou apertura a entrega dos premios.

Fermín Albadalejo, presidente da Confederación Española de Asociaciones de Jóvenes Empresarios (CEAJE), foi o encargado de cerrar a entrega de premios, destacando que "emprender é cousa de valentes dispostos a caer e levantarse unha y outra vez".

No apartado de Innovación Alimentaria foi gañador o empresario Edgar Ramírez Cerqueira coa súa empresa O Graneiro de Amelia. A empresa Galitec foi a gañadora do accésit Creación de Emprego. O accésit de Innovación

foi para a empresa Versos de la Ruda, que sumaba este recoñecemento ó do Espacio de Lalín. Premio Xove Emprendedor foi para Lifetopic. Coverwind foi a empresa gañadora da Candidatura Premio Xove Empresario do Ano, dotado de unha oficina ou de unha nave no polígono industrial de Barro, Meis, con vixencia de un ano prorrogable a dous; ordenador persoal HP; unha bolsa de Galicia Business School para cursar o MBA parttime valorado en 9.950 euros e un ano de afiliación gratuíta en AJE.

O acto acudiron empresarios e autoridades como o vicepresidente da Xunta, Alfonso Rueda; o conselleiro de Economía, Francisco Conde; o alcalde de Pontevedra, Miguel Anxo Fernández Lores; a alcaldesa de Marín, María Ramallo; a subdelegada do Goberno, Maica Larriba; ou os deputados Carlos López Font e Javier Dios, entre outras. Tras a entrega dos premios, os asistentes desfrutaron dun cóctel no restaurante Ultramar.



APE GALICIA NO VIAXE DE ESTUDO Ó FLAG DE CORNWALL CON GALP.

A mediados deste mes de outubro APE Galicia tivo o pracer de ser invitado e poder acompañar a delegación do GALP Ría de

Pontevedra na visita ó FLAG de Cornwall. Esta estaba enfocada no intercambio de experiencias en proxectos de apoio ó relevo xeracional no sector pesqueiro así como para promover a diversificación do sector de cara ó turismo.

A esta viaxe acudiron o Presidente da Asociación, José Ramón Caldas Martínez e a secretaria técnica da Asociación, Sonia Acuña, coa intención de traer novos coñecementos e ideas para impulsar o relevo xeracional.

O mércores 17 de outubro houbo una conferencia sobre Proxecto relevo xeracional, organizado por Seafood Cornwall Training. A continuación fixéronse visitas ó Porto de Newlyn e o centro de formación Pesqueira e un Tour polo porto e o mercado para poder entender a industria Pesqueira de Cornwall.

Fixose despois una presentación de ambos FLAGS (historia, prioridades, proxectos, éxitos...), e outra Seafood Cornwall Training – especialmente enfocada ó seu traballo actual de captación, titoría e educación dos mozos no sector pesqueiro. Finalmente abriuse un debate sobre as posibles melloras na captación e a regulación de fondos para apoiar ós mozos que desexen formar parte do sector pesqueiro.



O xoves 18 de outubro fíxose unha viaxe a St Ives a Looe e visitouse a comunidade pesqueira de Looe. A continuación recorreuse o Porto para entender a pesca en Looe e as súas diferenzas con Newlyn (mareas, peixerías, artes de pesca, turismo...).

Tras unha interesante reunión co director do Porto de Looe Harbour para expoñer proxectos de pesca-turismo en Looe, fíxose unha viaxe en barco.

Finalmente visitouse a Sardien Factory, empresa recentemente aberta y financiada por el FEMP (FLAG, LAG, EMFF, Coastal Communities)

APE Galicia está a prol do relevo xeracional e busca o seu impulso en todo momento. O Plan Repensa, levado a cabo a mediados de ano, foi outro dos proxectos de máxima importancia nesta liña.

APE GALICIA ANALIZA OS DATOS DOS AUTÓNOMOS NO CONCELLO E NA COMARCA DE PONTEVEDRA.

Tras a análise de dos datos que nos deixa o Instituto Nacional de Estatística (IGE) sobre os autónomos, APE Galicia puido comprobar que o número de autónomos mantense bastante estable no concello de Pontevedra neste último ano.

DATA	Nº DE AUTÓNOMOS
2017/Decembro	5.238
2018/Marzo	5.221
2018/Xuño	5.245
2018/Setembro	5.248

Como vemos na táboa anterior, finalizabamos o ano pasado con 5.238 autónomos no concello. En marzo descende lixeiramente 17 puntos, pero volve subir en xuño para poñernos con 5.245 e gañar de novo 24 autónomos máis. Os últimos datos son de setembro, onde sobe dous autónomos máis poñéndonos en 5.248.

Se votámola vista atrás e observamos a evolución deste colectivo dende o 2012 ata o 2018 no nosos concello, decatámonos que, a pesar de algunha oscilación, a tendencia é de aumento. A diferenza máxima atopada de uns anos a outros é de 257 afiliados a este réxime, sendo o ano 2013 no que menos autónomos aparecen rexistrados e o 2017 no que máis. Polo que podemos dicir de novo que as cifras se manteñen bastante estables.

DATA	Nº DE AUTÓNOMOS
2012/Setembro	5.044
2013/Setembro	5.015
2014/Setembro	5.135
2015/Setembro	5.211
2016/Setembro	5.260
2017/Setembro	5.272
2018/Setembro	5.248

Se nos centramos agora na comarca, vemos que a evolución dos autónomos neste último ano é moi similar á do concello. Finalízase o ano 2017 con 8.346 autónomos, descendendo en marzo do 2018 14 puntos e incrementándose en xuño deste mesmo ano 48 puntos. En setembro volve descender 19 puntos.

DATA	Nº DE AUTÓNOMOS
2017/Decembro	8.346
2018/Marzo	8.332
2018/Xuño	8.380
2018/Setembro	8.361

Por outro lado, se revisamos a evolución do colectivo na comarca de Pontevedra dende o 2012 ata o 2018 percatámonos que esta se asemella tamén a do concello. No ano 2012 contábase na comarca con arde 8000 autónomos. A cifra decae no 2013 84 puntos. A Partir de 2014 a cifra vai incrementándose pouco a pouco ata chegar ós 8450 autónomos no 2017. Este ano, a cifra con respecto ó 2017 descende en 89 puntos.

DATA	Nº DE AUTÓNOMOS
2012/Setembro	8.010
2013/Setembro	7.926
2014/Setembro	8.075
2015/Setembro	8.191
2016/Setembro	8.245
2017/Setembro	8.450
2018/Setembro	8.361


Agora ven, como evolucionou o colectivo dos autónomos no resto dos concellos da comarca? Sofren máis impacto estes que a cidade de Pontevedra? Vexamos as seguintes táboas.

NÚMERO DE AUTÓNOMOS								
	BARRO	CAMPO LAMEIRO	CERDEDO COTOBADA	COTOBADA	A LAMA	POIO	PONTE CALDELAS	VILABO
2012/Setembro	339	130	-	314	202	1.157	419	405
2013/Setembro	330	129	-	319	199	1.137	420	377
2014/Setembro	328	128	-	304	201	1.175	406	398
2015/Setembro	329	128	-	308	193	1.222	413	387
2016/Setembro	335	126	-	309	185	1.232	402	396
2017/Setembro	339	125	436	-	188	1.278	410	402
2018/Setembro	317	122	431	-	184	1.264	387	408

Os concellos de Barro e Vilaboa mantivéronse bastante estables en canto o número de autónomos dende 2012 ata o 2018. Ponte Caldelas tamén se mantén bastante estable na liña do tempo, pero neste último ano o descenso foi algo pronunciado. Os concellos da Lama e Campo Lameiro foron progresivamente diminuindo o número de afiliados ó réxime de autónomos. Cotobade aumenta o número destes a raíz da súa unión co concello de Cerdedo e aínda así comprobamos que no último ano perdeu autónomos. Por último, o concello de Poio foi o que máis autónomos aumentou nesta liña de tempo, gañando dende o 2012 ata hoxe 107 autónomos.

Outro dato que podemos extraer desta última táboa é o ranking de concellos da comarca de Pontevedra segundo o número de autónomos que teñen recollendo os datos deste último ano. Este quedaría da seguinte maneira: Pontevedra, Poio, Cerdedo Cotobade,

Vilaboa, Ponte Caldelas, Barro, a Lama e por último Campo Lameiro.



Pero aínda podemos coñecer outros datos relevantes sobre os autónomos no concello de Pontevedra. Os seguintes datos proporciónaos AXESOR. Os seguintes datos son só dos autónomos como persoas físicas, sen contar cos autónomos societarios.

Ranking de sectores por número de autónomos de Pontevedra

Sector	Autónomos
Construcción	347
Industria Manufacturera	102
Actividades Administrativas Y Servicios Auxiliares	57
Educación	45
Actividades Profesionales, Científicas Y Técnicas	33
Actividades Sanitarias Y De Servicios Sociales	19
Agricultura, Ganadería, Silvicultura Y Pesca	18
Desconocido	4
Suministro De Energía Eléctrica, Gas, Vapor Y Aire Acondicionado	4
Actividades Financieras Y Seguros	1

Distribución de autónomos de Pontevedra segundo o risco de incumprimento en pago.

Nivel de riesgo de incumplimiento en pago	Autónomos
Máximo	379 (16,32%)
Elevado	1.036 (44,60%)
Moderado	907 (39,04%)
Desconocido	1 (0,04%)
TOTAL	2.323

APE GALICIA

Tlf: 986891657

Móvil: 697.195.540

E-mail: info@apegalicia.es

Praza España Nº1 Andar
1º Esq. Oficina 1 - 36002
Pontevedra